


# PROXECTO EDUCATIVO



**IES Plurilingüe  
Castro da Uz**

Documento 2 – Concreción curricular

Redactado durante o curso académico 2012-2013  
Aprobado polo Consello Escolar o 10 de abril de 2013  
Revisado e avaliado polo Consello Escolar o 25 de xuño de 2015  
Última aprobación polo Consello Escolar o 16 de febreiro de 2022

## ÍNDICE

### **1. Aspectos xerais.**

- 1.1. Adecuación dos obxectivos ao contexto.
- 1.2. Orientacións xerais sobre a metodoloxía
- 1.3. A contribución da etapa á consecución das competencias clave.
- 1.4. Criterios xerais do centro sobre avaliación do alumnado.
- 1.5. Criterios xerais sobre promoción e titulación na ESO.
- 1.6. Criterios xerais para a concesión de matrícula de honra
- 1.7. Liñas xerais de atención á diversidade.
- 1.8. Plan específico personalizado para alumnado que non promociona na ESO.
- 1.9. Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións.

### **2. Plan e programas.**

- 2.1. Proxecto lingüístico.
- 2.2. Addenda ao proxecto lingüístico.
- 2.3. Proxecto lector.
- 2.4. Plan xeral de atención á diversidade.
- 2.5. Plan de orientación e acción tutorial.
- 2.6. Plan de igualdade
- 2.7. Plan dixital.



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN  
SECUNDARIA PLURILINGÜE  
CASTRO DA UZ



IES Plurilingüe  
Castro da Uz

## 1. Aspectos xerais.

### 1.1. Adecuación dos obxectivos ao contexto.

#### ESO

Os obxectivos da ESO, están recollidos no artigo 10 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. **Asumir responsablemente os seus deberes**, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. **Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina**, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. **Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles**. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo, raza, relixión, cultura, ... potenciando valores como a solidariedade, tolerancia, diálogo e o respecto á diversidade das diferentes culturas ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d. **Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade** e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. Promover a "axuda entre iguais" co fin de fomentar a competencia social e cívica, mellorando a convivencia no centro.
- e. **Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información**,

para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación, fomentando o uso técnico e ético das Tecnoloxías da Información e da Comunicación entre a comunidade educativa.

- f. **Concibir o coñecemento científico como un saber integrado**, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g. **Desenvolver o espírito emprendedor** e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. Fomentar o traballo por proxectos, aprender facendo.
- h. **Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá**, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i. **Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada**, facilitando o afondamento mediante a incorporando á oferta educativa do centro da materia “afondamento da primeira lingua estranxeira” en 2º ESO.
- j. **Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas**, así como o patrimonio artístico e cultural, en especial doutras nacionalidades representadas no centro. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k. **Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas**, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora. Fomentar hábitos de vida saudables e respectuosos co medio ambiente e velar polo mantemento do distintivo “Sello de vida saludable”, en especial desde as materias de

“Educación física”, “Promoción de estilos de vida saudable” e “Cultura científica”

- l.* **Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas**, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m.* **Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia**, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito, a través de todas as materias e en especial nas materias que completan a oferta do centro “Paisaxe e sustentabilidade”.
- n.* **Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega** como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. Facer visible e audible a lingua galega en todos os contextos posibles como sinal de normalidade idiomática.

## FORMACIÓN PROFESIONAL

Os obxectivos xerais da formación profesional, están recollidos no artigo 3 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

- 1. As ensinanzas de formación profesional teñen por obxecto conseguir que os alumnos e as alumnas adquiren as capacidades que lles permitan:
  - a.* **Desenvolver a competencia xeral** correspondente á cualificación ou cualificacións obxecto dos estudos realizados.
  - b.* **Comprender a organización e as características do sector produtivo** correspondente, e os mecanismos de inserción profesional.
  - c.* **Coñecer a lexislación laboral**, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.
  - d.* **Aprender por si mesmos e traballar en equipo**, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da



vida persoal, familiar e social.

- e. **Traballar en condicións de seguridade e saúde**, e prever os posibles riscos derivados do traballo.
- f. **Desenvolver unha identidade profesional motivadora** de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.
- g. **Afianzar o espírito emprendedor** para o desempeño de actividades e iniciativas profesionais.
- h. **Lograr as competencias relacionadas coas áreas prioritarias** referidas na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- i. **Facer realidade a formación ao longo da vida** e utilizar as oportunidades de aprendizaxe a través de distintas vías formativas para manter a actualización nos ámbitos social, persoal, cultural e laboral, conforme as súas expectativas, as súas necesidades e os seus intereses.

2. Así mesmo, a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.

### 1.2. Orientacións xerais sobre a metodoloxía.

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE 29 de xaneiro de 2015), establece no Anexo II as orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula.

### 1.3. A contribución da etapa á consecución das competencias clave.

Para a ESO, o Decreto 86/2015 do 25 de xuño, establece

### Artigo 3. Competencias clave

1. Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

2. A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

3. Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

4. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

#### **1.4. Criterios xerais do centro sobre avaliación do alumnado.**

Para a ESO, o Decreto 86/2015 do 25 de xuño, establece:



## Artigo 21. Avaliacións

\*\*\*

2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente.

O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

As programacións dos departamentos didácticos conterán os criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Para a FPB, o Decreto 107/2014 do 4 de setembro, establece:

## Artigo 23. Avaliación



Con carácter xeral, no proceso de avaliación nas ensinanzas de formación profesional básica estarase ao establecido con carácter xeral para o conxunto das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e en particular:

1. A avaliación dos alumnos e as alumnas dos ciclos de formación profesional básica terá carácter continuo, formativo e integrador, permitirá orientar as súas aprendizaxes e as programacións educativas, e realizarase por módulos profesionais.
2. O alumnado matriculado nun centro terá dereito a un máximo de dúas convocatorias anuais cada un dos catro anos en que pode estar a cursar estas ensinanzas para superar os módulos en que se estea matriculado, excepto o módulo de formación en centros de traballo, que poderá ser obxecto de avaliación unicamente en dúas convocatorias.
3. Os alumnos e as alumnas, sen superar o prazo máximo establecido de permanencia, poderán repetir cada curso unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo do informe favorable do equipo docente.
4. A avaliación estará adaptada ás necesidades e á evolución dos alumnos e as alumnas, nomeadamente para as persoas en situación de discapacidade, para as que se incluírán medidas de accesibilidade que garantan unha participación non discriminatoria nas probas de avaliación.
5. O alumno ou a alumna poderá obter a promoción a segundo curso cando os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal; con todo, deberá matricularse dos módulos profesionais pendentes de primeiro curso. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e avaliación dos módulos profesionais pendentes.
6. O módulo de formación en centros de traballo, con independencia do momento en que se realice, avaliarase logo de alcanzada a avaliación positiva nos módulos profesionais asociados ás unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no período de formación en centros de traballo correspondente.



7. No caso de que os módulos se organicen en unidades formativas de menor duración, esas unidades poderán ser certificadas, e a certificación será válida no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A superación de todas as unidades formativas que constitúen o módulo profesional dará dereito á certificación deste, con validez en todo o territorio do Estado.

Para a Ciclos formativos a Orde do 12 de xullo de 2011 establece:

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos realizarase de xeito diferenciado por módulos profesionais. En todo caso, a avaliación na formación profesional inicial realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais e os obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no correspondente currículo.
2. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.
3. O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.
4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.
5. O alumnado que perdesen o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

### 1.5. Criterios xerais sobre promoción e titulación na ESO.

#### PROMOCIÓN:

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, establece no artigo 8:

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
  
2. Aos efectos do disposto no punto anterior, promocionará dun curso a outro aquel alumnado que superase as materias ou ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
  - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
  - c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
  - d) Que o equipo docente estime que dita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que promocióne de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

4. Para a elaboración e seguimento do plan de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

As decisións que se tomen de maneira colexiada adoptaranse por maioría simple de votos do profesorado que imparte docencia a cada alumno ou alumna.

#### TITULACIÓN:

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, establece no artigo 10:

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Aos efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:



- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

As decisións que se tomen de maneira colexiada adoptaranse por maioría simple de votos do profesorado que imparte docencia a cada alumno ou alumna.

#### **1.6. Criterios xerais para a concesión de matrícula de honra.**

##### ESO:

1. As alumnas e os alumnos que, despois da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, criterios que deben ser obxectivos e públicos.



A CCP acordou o seguinte criterio: en caso de empate entre o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra concederíase a matrícula de acordo cos seguintes criterios:

- a. Mellor nota media no expediente de toda a ESO.
- b. Sorteio.

### CICLOS FORMATIVOS:

....

Os alumnos e as alumnas que obtivesen unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico será como máximo de dúas. No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

A CCP acordou o seguinte criterio: en caso de empate entre o alumnado que puidera ter dereito a dita matrícula de honra concederíase a matrícula de acordo cos seguintes criterios:

- a. Mellor nota no segundo curso.
- b. Sorteio.

### **1.7. Liñas xerais de atención á diversidade**

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.





Os principios de actuación que contribúen a facer realidade os principios xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son os que seguen:

**1. Por parte dos equipos directivos dos centros docentes:**

- a) A consideración da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro, asegurando o seu tratamento no proxecto educativo e nos plans, proxectos ou programas que o conforman. Igualmente, garantírase a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa desa diversidade.
- b) A distribución e a organización equitativa dos recursos, adaptando a estrutura organizativa do centro docente aos principios de flexibilidade e de atención ás necesidades individuais do alumnado.
- c) A información precisa a toda a comunidade educativa dos proxectos, plans, programas, medidas, recursos e servizos con que conte o centro docente.
- d) A promoción da convivencia, a coordinación, a participación e o traballo en equipo, así como da formación e innovación do profesorado en estratexias de atención á diversidade e na mellora continua da calidade educativa, do éxito escolar do alumnado e do seu desenvolvemento profesional.
- e) A realización do seguimento e da avaliación dos proxectos, plans e programas, así como, de ser o caso, das propostas de mellora que correspondan.

**2. Por parte do profesorado titor:**

- a) A organización da avaliación inicial do alumnado e a participación nas propostas que realice a xefatura do departamento de orientación en relación coas medidas e cos recursos necesarios para atender a diversidade do alumnado da súa titoría.
- b) A coordinación dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado da súa titoría e a promoción da súa participación nas actividades da aula e do centro docente.



- c) O intercambio, tanto co resto do equipo docente como coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais, de toda a información que afecte os procesos de ensino e de aprendizaxe.
- d) A solicitude da intervención da xefatura do departamento de orientación no caso de alumnado en que se detecten dificultades de aprendizaxe ou situacións que requiran unha valoración especializada, colaborando no proceso de avaliación psicopedagóxica e na aplicación das medidas que se propoñan e dos informes que se requiran.

### **3. Por parte do profesorado de área, materia, ámbito ou módulo:**

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, e informar o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

### **4. Por parte dos servizos de orientación educativa e profesional:**

- a) O asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.
- b) A atención das demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.
- c) A información a todas as persoas afectadas dos resultados das súas intervencións, así como das accións que, de ser o caso, figuren no informe psicopedagóxico.

- d) A promoción da participación das familias no proceso de avaliación psicopedagóxica.
- e) A coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado.

### **1.8. Plan específico personalizado para alumnado que non promociona na ESO.**

O artigo 23.6 do Decreto 86/2015 establece que, cando un alumno ou alumna non promocione de curso na ESO deberá elaborarse un plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

O artigo 52 da Orde 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, establece os apartados que, como mínimo, debe conter dito plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.
- h) Seguimento do plan específico personalizado.

Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

### **1.9. Criterios xerais do centro para a elaboración das programacións.**

As programación de **ciclos formativos** elaboraranse en base ao establecido no artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. Realizaranse no entorno web [www.edu.xunta.es/programacions](http://www.edu.xunta.es/programacions).

Para o **resto de ensinanzas** as programacións didácticas serán elaboradas polos órganos de coordinación docente que corresponda e incluírán en cada área, materia ou ámbito, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
  - 1º. Temporalización.
  - 2º. Grao mínimo de consecución.
  - 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación e a cualificación.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso.
- j) Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- l) Medidas de atención á diversidade.



m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

n) Actividades complementarias programadas.

ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Todas a programacións didácticas serán elaboradas cos apartados anteriores, deberán levar un índice paxinado e todas deberán levar a mesma portada.

Todas as programacións didácticas serán colgadas na páxina web do centro ao inicio do curso para que podan ser consultadas por toda a comunidade educativa e será informado o alumnado.

## 2. Plans e programas.

### 2.1. Proxecto lingüístico.

O artigo 14 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece que cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu **proxecto lingüístico** cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:

- a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- b) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- c) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanza de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.
- d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

Por outra parte, o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece que no proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas.

O Proxecto lingüístico está elaborado nun documento anexo ao Proxecto educativo (Documento 2.1 Proxecto Lingüístico).

### **2.2. Addenda ao Proxecto lingüístico.**

O artigo 4 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece que anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
- En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

A Addenda ao Proxecto lingüístico elabórase todos os anos e está nun documento anexo ao Proxecto educativo (Documento 2.2 Addenda ao Proxecto Lingüístico).

### **2.3. Proxecto lector.**

O Proxecto lector está elaborado nun documento anexo ao Proxecto educativo (Documento 2.3 Proxecto lector).

### **2.4. Plan xeral de atención á diversidade.**

O Plan xeral de atención á diversidade foi elaborado polo departamento de Orientación e está nun documento anexo ao Proxecto educativo (Documento 2.4 Plan xeral de atención á diversidade).

### **2.5. Plan de orientación e acción tutorial.**

O Plan de orientación e acción tutorial foi elaborado polo departamento de Orientación e está nun documento anexo ao Proxecto educativo (Documento 2.6 Plan de orientación e acción tutorial).

### **2.6. Plan de igualdade.**

O Plan de igualdade está nun documento anexo ao Proxecto educativo (Documento 2.7 Plan de igualdade).

### **2.7. Plan dixital.**

O centro está integrado no Proxecto E-Dixgal desde o curso 2021/22 e conta cun Proxecto de educación dixital que figura como documento anexo ao Proxecto educativo (Documento 2.8 Plan dixital).

No curso 2021-2022 estase a elaborar un Plan dixital de centro, tomando como referencia a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022